



CLUB

MONTAÑEIROS

CELTAS

BOLETÍN 140 DICIEMBRE 2018

MONTAÑEIROS CELTAS ao BILBAO MENDIFILM FESTIVAL. AGOTADAS AS PRAZAS!!!

Con este titular comenzábase o mes de novembro, aínda faltaba un mes para as datas previstas para ir a Bilbao, todo en un: montaña, escalada, cine, cultura, turismo, e máis.

Bilbao abriunos as súas portas e as súas xentes abríronnos o seu corazón, nós deixámonos querer e disfrutamos da cidade, das montañas, da cultura, dos "pintxos", da convivencia e sobre todo do cine de montaña.



Bilbao deu a oportunidade de que cadaquén fixese o que máis lle apetecese, formándose un montón de grupos dentro dos 49 participantes, e un deles foi o noso. Non fixemos montaña pero si que camiñamos a cidade de Bilbao e os arredores. Visitamos o Guggenheim, as visitas guiadas do casco vello e o ensanche, o funicular de Artxanda, Portugalete, Algorta, Getxo incluso podemos visitar Gernika, Bermeo e a preciosa paisaxe de San Juan de Guaztegutxe. Unha mención especial á inauguración do Mendi festival ao que todos asistimos. De regreso fixemos unha visita guiada a La Olmeda, unha vila romana descuberta por Don Javier Cortés en 1968.

Conchi, Isa, Pili, Chelo, Marisa e Elvi

Seccións

Montaña.....	2
Montaña e cultura.....	3
Sendeirismo	4
Bici de montaña.....	5
Sección Infantil.....	6
Cultural e Medioambiente.....	7
Espeleoloxía.....	8
Actividades de socios.....	9
Federacións.....	10
Calendario de actividades.....	11

Vindeiras actividades

- Asemblea anual Espeleoloxía
- Proxección fotos do Nepal
- Cea anual
- Esquí alpino en San Isidro
- Xornadas enceramento e iniciación esquí
- Bici de Montaña en Leiro

Lei de Protección de Datos: Como ben sabedes entrou en funcionamento unha nova normativa de protección de datos que obriga ás entidades que teñan datos de carácter persoal dos usuarios ou clientes solicitar o consentimento expreso para facer uso deses datos. Montañeiros Celtas conta cunha base de datos na que se recollen os datos que subministrastes na ficha de socio, así como un libro de socios. Datos que empregamos para realizar comunicacións de actividades e de cuestións do funcionamento da asociación. Polo que necesitamos que nos fagades chegar por escrito, ben por email ou presencialmente nas nosas oficinas, o voso consentimento de uso de Datos.

MONTAÑA

Ancares 12-14 de Outubro

Desta vez o reencontro co outono veu da man dos Ancares Leoneses, máis concretamente do pobo de Peranzales e a súa contorna.

Foi toda unha sorpresa descubrir a capacidade de aloxamento que pode chegar a ter un pobo tan pequeno e non so a capacidade, senón tamén a calidade.

Magnífica a antiga escola, hoxe acondicionada con cociña máis que ben equipada e as súas habitacións con baño incluído. Acolledor o albergue con bar e comedor onde reunírnos despois da actividade montañeira e tamén onde nos servían o almorzo e a a cea, esta con ricos caldos e carnes variadas. Por se non fose suficiente, estupendos bungalows que tamén serviron de aloxamento aos nosos socios.

O venres chegamos despois de 5 horas de viaxe, deixamos a equipaxe nas habitacións e saímos pola ruta do Río Cúa cara o Porto de Cienfuegos. O mal tempo e unha densa néboa fixeron que algún socios decidirán dar media volta mentres que outros continuaron coa ruta ata o castro de Chano.

O sábado, o día amenceu con bastante mellor pinta, así que nos diriximos cara o Pico Teso Mular de 1880 m.

A primeira parte conta cunha forte e longa subida, pero unha vez superada accédese a unha especie de cresta ancha que ofrece vistas espectaculares dos vals e da serra que está por subir. O vento sopra forte e non é fácil manter o equilibrio no cumio estreito e con caída polos catro costados, pero a paisaxe recompensa e comemos encaramados nas pedras contemplando, moi abaixo, os lagos Tixileiros.

Algúns descendemos, pero outros diríxense ao Pico Moredina. Ao final todos nos xuntamos no bar de Chano onde celebramos e comentamos as anécdotas do día.

Esa mesma noite comeza a chover con intensidade e como o domingo pola mañán segue chovendo cambiamos a ruta prevista por unha visita ao Pozo Julia, en Fabero. A visita merece ben a pena, os guías son os propios mineiros, capaces de comunicar a paixón polo seu traballo, hoxe esgotado.

Comemos en Fabero e emprendemos o retorno a Vigo. No autobús escoito falar de que hai que volver, coas neves, e facer o que deixamos pendente, que ben, apúntome! Melu



VII Andaina pola protección da Serra do Galiñeiro 21 de Outubro

Realizouse o día 21 de outubro a VII Andaina con un percorrido de 10 km, circular, dende a Ermida das Neves, ascendendo ao cúmio do Galiñeiro onde o noso socio Sechu liu o manifesto, con asistencia aproximada de 800 participantes.



MONTAÑA E CULTURA

Gorbeia e Urkiola 6-9 de Decembro



O xoves día 6 tras chegar ao Albergue All iron, descargar peates e o conseguente almorzo, comezamos a “Senda dos contrabanistas”. Ao saír do albergue, atravesamos o centro de Bilbo, subindo por unhas costas -moi semellantes as de Vigo- que nos foi levando hacia unhas campas, deixando ás nosas costas a Ría.

Continuamos subindo en dirección o “Pagasarri” seguindo polo chamado camiño vello ata o collado, continuando por unha pista en un bonito sendeiro ata chegar o “Cordal do Kamaraka”. Comezamos a baixada por pista polo GR 123 cara a estación de ferrocarril de Llodio, xa que había presa por chegar a apertura do cine de montaña Mendifilm. Foi un bonito paseo máis largo e duro do previsto.

Para o venres día 7 e ante a probabilidade de choiva, decidimos cambiar a ascensión o “Amboto” pola clásica e menos perigosa subida ao Monte Gorbeia (1482 m) o cumio máis alto de Vizkaia. A ascensión prevista era dende “Pagomakurre” pero por cuestións -técnicas-, iniciamos o ascenso por Zarate (845 m), paseando polos collados de Lezaldía (845 m) e adentrámonos nun sendeiro aberto hacia Sakutuxu (1108 m).

Introducímonos por un bonito halledo hacia o refuxio de Pagazarri (1202 m), subindo por unha forte pendente que nos



levou ata a cruz de Gorbea (1482 m). Coa conseguente foto e tarxeta de cumio e cun frío e vento que desaconsellaba estar moito tempo no cumio, descendemos polo mesmo camiño e con ganas de querer tomar uns potes en Bilbo.

O sábado día 8 con boas previsións de tempo, saímos a hora prevista (hoxe si) en dirección ao Santuario de Urkiola para ascender o “Amboto”, a montaña máis mística do montañismo de Euskadi e chea de lendas, como que é a morada de -Marí-, unha persoa da mitoloxía vasca.

Partimos do Santuario de Urkiola por unha ampla pista en dirección a Urkiolamendi, nunhas preciosas campas, baixando cara Asuntze e subindo a continuación por unha pista de grava hacia o halledo que cubre a entrada do sendeiro que nos leva a base da subida.

Iniciamos a subida por unha pendente pronunciada e con humidade, aínda que por sorte sin choiva e pasiño a pasiño e man a man fo como chegamos o collado de Agindi donde se inicia o cresterío, e a parte mais delicada da ruta, pero como o sol pegaba e a pedra caliza estaba bastante seca, pouco a pouco e con moito coidado, todos e todas fomos chegando o fito



do final ca machada clavada no buzón. O contrario que na cima do Gorbeia no Amboto, facía un día agradable con pouco vento, o que nos permitiu xantar no cumio e facer as fotos de rigor.

O descenso o fixemos pola mesma ruta con coidado na primeira parte do cresterío polo perigo a esbarar, pero pouco a pouco fomos chegando a Urkiola onde repuxemos forzas para voltar a Bilbo, onde tomamos os últimos potes, ir o cine e ir todo o grupo de cea e despedida de Bilbo.

Unha ponte na que tivemos de todo, montaña, cultura, gastronomía e sobre todo, gañas de pasalo ben, Ata a próxima. Federico

SENDEIRISMO

Ruta dos Faros— Final

Cando Pepe e máis eu plantexamos facer o camiño dos faros, pensamos nun reto atractivo para lanzarse á aventura. Aventura que comezamos alá polo 25 de febreiro, e que moitas eran as expectativas: como responderá a xente, como serán as etapas, lugares e persoeiros por (re)descubrir,...

Logo da vía Antonino e o excelente sabor de boca que deixou, xurdiu esta aventura para facer no presente 2018: dúas, as primeiras etapas, dun día e etapas de fin de semana. 11 etapas en total. Ningua parecida a anterior, o que daba para falar: cada camiñante prefería tal ou cal etapa, onde coincidían que a máis dura foi a de Punta Nariga ao Faro do Roncudo

O enorme traballo que recoñecemos aos Trasnos pola idea de facer e marcar a ruta de Malpica a Fisterra daba pé a ilusionarse e poñerse a camiñar.

Acantilados, praias, carreiros, subidas, baixadas, pistas,... todo esperaba ser pisado polas botas dos numerosos participantes (bus de 60 prazas e xente que quedou fóra), todo por descubrir, por marabillarnos do que o Camiño dos Faros nos ía mostrar. Así fumos descubrindo lugares como Punta Nariga, aldea e faro do Roncudo, areal e dunas de Ponteceso, Laxe e mirador da praia de Soesto, Arou e Camelle, areal de Trece, cemiterio dos ingleses e cabo Vilán, Camariñas, praia do Lago e Muxía, Faro de Touriñán, praias do Rostro e Mar de fóra e o Faro da Fin do Mundo.

E todo isto sen esquecer que, xa que estamos, coñecer lugares preto do Camiño:

Dolmen de Dombate e Castro do Borneiro, castelo e grupo etnográfico de Vimianzo, Igrexa de Moraime, cemiterios de Dumbria e o de Portela (Fisterra), batería de Fisterra e Igrexa do Cristo da Barba Dourada. E, na derradeira volta, a visita á Fervenza do Ézaro.

Pero non todo foi coñecer lugares. Tamén persoas, ceas, hospedaxes,... Todos lembramos a Manolo e o campin de Leis, a Cristina, a fareira de Vilán, a noite no hostel de Moraime, cruzar andando a ría de Lires e a fervenza da praia da Mexadoira, antes da do rostro. Sen esquecer aos que coñecemos e cos que compartimos dous día e once fins de semana, nun ambiente afable que invitaba a compartir cada paso andado.

Así, logo de máis de 200km de pateo, ghasto de botas e numerosas charlas e “hidratacións” cos amigos e amigas, a cabeza non para e dámoslle ao maxín para o vindeiro 2019. Emilio



Trelle-Toén 25 de Novembro

O grupo de 20 que eramos _ e que non nos botamos atrás por mor do tempo_ tivemos a recompensa dun domingo moi bo para camiñar, incluso con sol, e onde as chuvias de días anteriores deron unha tregua que permitiu que gozamos dun día



marabilloso de outono. Corredoiras tapizadas de follas acompañadas de pedras cubertas de musgo dun verde intenso, cogomelos de todo tipo -macrolepiotas, niscalos, boletus, robellóns, amanitas...-, árbores das máis variadas- castiñeiros, carballos, sobreiras, érbedos- foron acompañando o nos andar. Saímos da aldea de Trelle e por corredoiras chegamos ata Moreiras. Aquí paradiña na panadería para aprovisionarnos de ricos doces e deleitarnos cun café, para despois descubrir a arquitectura galega en numerosas casas ben conservadas. Na parte alta da vila a Igrexa de San Pedro de Moreiras sorprendeunos polo seu tamaño, polas súas dúas torres desiguais abrazadas por unha balastrada de pedra. O camiño avanza cara a aldea de Mugares pasando primeiro por un bosque precioso onde os pelouros

van tomando protagonismo, como a pedra fendida, por onde pasamos todos por aquilo de “espantar os malos augurios”, e tamén por ver quen metía máis a barriga para dentro. O xantar a carón da ermida sóubonos a gloria. Paso a paso, por camiños ben definidos, descubrimos a vila cos seus hórreos, o seu pombal, a porta do que sería a reitoral, as casas... Deixando atrás esta aldea e seguindo por un camiño totalmente outonal chegamos á fin da nosa andaina en Toén, cun tempo perfecto e contentos de ter esquecido, por unhas horas as intensas xornadas de chuvias vividas. Marisa

BICI DE MONTAÑA

Cotorredondo—30 de Setembro Chan das Pipas- 14 de Outubro

A volta do verán retomamos as saídas btt con dúas rutas bastante doadas. A primeira cerca de Pontevedra o 30 de setembro, e a segunda dende Chan das Pipas, cerca de Redondela.

O domingo 30 de setembro as 9.30 xa estábamos os 16 ciclistas no aparcadoiro da estación de autobuses de Pontevedra e, un pouco mais tarde, comezamos a ruta cara o miradoiro de Cotorredondo. O primeiro tramo foi remontando o río Tomeza por unha agradable senda con varios pasos de taboas e pequenas pontes de pedra que salvan os regatos que alimentan río. Magoa do lixo que se acumula nalgúns recunchos do camiño. Temos que cruzar a vía do tren por un pasadizo e a estrada e autoestrada e de seguido comezamos a subir o monte Figueirido. A pista lévanos por bosques de pinos e eucaliptos pero tamén queda algunha carballeira. A media subida Rosa ten un percance coa bici, rómpelle a cadea. Tratamos de arranxala pero ó cabo duns metros a cadea volve a romper e Rosa ten que continuar a pé ata o Lago Castiñeiras, un par de quilómetros. O resto do grupo subimos cun ritmo suave para que a compañeira non quedara moi atrás.

Xa no lago, algúns quedaron no bar tomando un refresco (?) mentres que o resto subimos ó miradoiro de Cotorredondo. Dado que o día era espléndido e que o miradoiro estaba aberto, puidemos aproveitar dos 360º de vistas que dende o alto se contemplan. Algunhas das fotos que fixemos alí son realmente chulas. Logo de baixar e reagruparnos fomos ver os petróglifos de Outeiro da Mina e continuamos polo rego Cubeiro, coas súas pozas e muíños ata Salcedo. Dende alí, xa por estrada, chegamos a Pontevedra.

Pero non rematou aquí a mañá. Tras secar a suor e mudar a roupa, montamos nos coches e voltamos ó Lago Castiñeiras para, no restaurante, dar conta de un apetitoso churrasco regado con tinto da terra (con gaseosa!)

Xa estamos no 14 de Outubro. Mal día para organizar unha saída btt. Era a ponte do Pilar, había unha interesantísima saída montañeira nos Ancares leoneses e o móbil non daba moi bo tempo. Con todo, Xavier, Lupe, Modesto, Evaristo e mais eu saíamos a eso das dez menos cuarto de Chan das Pipas para ir ata o Santo Aparecido.

O tempo portouse ben connosco, pois a pesares das alertas de temporal, non nos choveu polo camiño, só unhas pingueiras a media mañá. A ruta foi fácil, por pistas forestais maiormente, primeiro seguimos a senda da auga e, antes de chegar a estrada que vai de Redondela a Amoedo, subimos cara o monte Bruñel. Varios quilómetros de subida con un tramo final que se fixo duro, mais que nada polos restos das talas que por alí se fixeron. Os estragos dos lumes do ano

pasado eran patentes pero as vistas sobre a enseada de Rande coa illa de San Simón no medio nos reconfortaban. Xa en Cepeda, tiramos cara o repetidor da TVG, segunda costa do día, aínda que esta era bastante mais tendida. No cruce que leva ó repetidor decidimos continuar cara o Santo Aparecido e deixar a subida para a volta. Dende aquí tivemos unha longa baixada ata o Campo do Cristo do Santo Aparecido onde hai un cruceiro cun santiño encerrado nunha gaiola, tal vez para que non poida sucumbir a tentación de abandonar aquel aburrido sitio e desaparecer de novo. Dende este campo temos unha vista do val do río Borbén que disfrutamos xunto cunhas barriñas enerxéticas. Foi o momento no que caeron unhas pingueiras que, afortunadamente non pasaron a mais. Tras ese pequeno descanso, iniciamos a volta subindo o treito que anteriormente baixamos. Esta terceira, e última, costa do día fixo que ó chegar ó cruce do repetidor decidíramos non subir ata alí. En Cepeda Modesto guiounos ata unha pista que, pasando pola Poza da Rega, levounos á estrada que vai a Redondela. Baixamos un par de quilómetros e chegamos á Senda da Auga pola que voltamos ós coches que deixamos en Chan das Pipas.

A mañá resultou entretida, boa compañía, tempo agradable, boas vistas e 40 quilómetros que para Xavier e Lupe foran a distancia mais longa que fixeran en btt. Esperemos que repitan a experiencia en próximas saídas co Club.

MRV



SECCIÓN INFANTIL

Saída Outono Aloia 27-28 Outubro

O pasado 27 e 28 do mes de outubro, a sección infantil púxose de novo en marcha e revisitamos o noso benquerido parque natural do monte Aloia. Aproveitamos a ocasión para facer un pequeno magosto e visitar o centro de visitantes do parque natural, que nos quedara pendente da pasada Operación Benxamín.

Iniciamos a nosa aventura collendo o autobús dónde o lugar habitual, fronte a sede do club. O sábado a media tarde chegamos ao noso destino: o refuxio do monte Aloia. Unha vez alí, nos repartímos e acomodamos nas habitacións, e iniciamos a clásica ruta dos miradoiros, na cal fixo aparición a choiva, coma non podería ser doutra maneira. Rematamos a marcha pasando polo cabildo e un pouco mollados pero contentos.

De volta no refuxio, preparamos a cheminea, e cortamos as castañas para o magosto. Mentres se ian facendo as brasas, xogamos a "adiviña o título da peli" con notable éxito de títulos de películas alternativas de autor e crítica social, o que pasa é que non me lembro de nengún. Respecto ás castañas, dicir que despois de varias elaboracións parcialmente fallidas, obtivemos un plato final de castañas asadas equilibrado, cun emplatado sinxelo pero suxerente, que espertou a gula dos nosos participantes.

Despois do entrante de castañas e da correspondente cea, realizamos unha marcha nocturna que nos mostrou a cara máis escura e misteriosa do parque natural. Certamente, non precisamos de historias de medo, simplemente a escuridade, a lúa e os ruidos da noite, provocaron que máis dalgún estómago dos nosos participantes se encollera máis da conta. Son cousas das marchas nocturnas do monte Aloia.

De volta no refuxio, repartimos leite quente para quen o desexara e para as literas, que mañá sería outro longo día.

O domingo, despois do almorzo, programamos a visita ao centro de visitantes do parque natural a través dunha marcha matinal que iniciamos no sendeiro que bordea a antiga muralla defensiva da ladeira suroeste.

Unha vez chegamos ao centro de visitantes, e despois

dun pequeno descanso, realizamos unha visita interpretativa no mesmo, a cargo do persoal do centro, onde nos ensinaron a historia do enxeñeiro Areses, o cal a través do seu esforzo e dedicación creou a masa forestal que conforma hoxe en día gran parte do parque natural. Tamén coñecimos cousas moi interesantes dos animais e plantas que nel habitan: como crecen as árbores, cantos de aves, rastros de mamíferos, réptiles e anfibios, etc., e pouco a pouco, cáseque sen darnos conta, foi esgotándose o noso tempo e tivemos que iniciar o regreso ao refuxio, O xantar nos agarda!

A marcha de regreso transcorreu bastante tranquila, salvo por unha pequena variante do sendeiro que collemos e que obrigounos a facer un pouco de desgaste físico extra. Nada que non se puidera remediar con entusiasmo e bo humor.

Despois de xantar: tempo libre, recollida das mochilas e limpeza do refuxio, non sen antes realizar a gravación do fabuloso evento de despedida do Aloia (ata o vindeiro ano, claro); un "mannequin challenge", ou o que é o mesmo: un "desafío maniquí", onde os participantes permanecen completamente quedos na postura que elixan mentres se lles grava en vídeo. Supoño que esta modalidade artística sería ideada por un adolescente, non si? mais de dous minutos sen moverse e aínda por riba sair nun vídeo. En fin, fora coma fose, así o fixemos e a modo de autocrítica hai que dicir que temos que melloralo. Un pouquiño unicamente, nos os vaiades a pensar.

Para rematar dicir que enviamos unha preciosa audiovisual resumen a todos os participantes.

E isto foi todo.

Juanjo.

CULTURAL E MEDIOAMBIENTE

PEQUECOGUMELOS ZAMÁNS

2 de Decembro

Como todos os anos ó chegar o outono o Club Montañeiros Celtas realizou unha ruta sobre os cogumelos cun grupo moi xoven composto principalmente de nenos pequenos e algún adulto curioso, acompañados polo experto Pedro da Zarrota.

Explicounos que algúns cogumelos como os níscalos teñen unha relación cos pinos chamada mutualismo. O micelio do cogumelo xúntase coa raíz da árbore e obteñen ambos dous beneficio propio. O fungo pásalle auga á árbore e a árbore pásalle nutrientes ao fungo. Xa hemos aprendido outra cousa nova!

Moitos de nos temos curiosidade e interese en aprender máis sobre este gran mundo dos fungos, e encantanos encontrar e ir coñecendo pouco a pouco as distintas especies, nesta ocasión tivemos moita sorte, xa que encontramos moitos e variados, incluso houbo algún que atreveuse a probar as rusulas “picantes” a bocados, outras que ulian a xabón, outras a ozono, é un mundo amplísimo e interesantísimo, encantame ir a recoller cogumelos, e comer algún que outro tamen! Ñam, ñam que ricos que están. Grazas os organizadores e monitores! Mario G.



Magosto Social 11 de Novembro

Como todos os anos, chegada a tempada de outono-inverno, o pasado 11 de Novembro celebrouse o magosto social no refuxio do Monte Aloia.

Durante o ano realízanse múltiples actividades, moitas delas coincidentes no tempo, e esta é unha das poucas veces, xunto ao campamento de verán, en que podemos coincidir todos os membros do clube. É unha boa ocasión para comentar as “fazañas” do ano, así como poñer en común ideas e arrincar ou idear novos proxectos. Neste caso participaron desde algúns dos membros máis pequenos ata outros dos máis veteranos do clube.

Iste ano o tempo non acompañou, e a idea inicial de facer unha saída conxunta polo Aloia para recoller cogumelos cos compañeiros de “A Zarrota” tivo que deixarse para mellor ocasión. A pesares de todo, sí houbo cogumelos que recolleron algúns e houbo “puchero” para os asistentes.

Foi un temporal de “100” con ventos de máis de 100 Km/h e choivas de máis de 100 l/m² en zonas de Galicia, así que houbo de aprazarse a pequemarcha do día anterior.

Pero como na aldea gala de Asterix, un grupo de “irredutibles” atreveuse a pasa-la noite no refuxio e fixo uso das remodeladas instalacións que agora permiten facer este tipo de reunións. Entre a chimenea e, segundo comentaron os presentes, algunha que outra “bebida espirituosa”, a noite transcorreu de forma moi agradable a pesares do temporal que tiñan no exterior.

Como non íamos quedar sen comer, nosas/os compañeiras/os da Zarrota e Montañeiros puxéronse ao choio e

prepararon unha crema de cabaza que, como o tempo non axudaba, serviu para entrar en calor. Despois repartiuse tamén o guiso de cogumelos con ameixas e racións que quedaran da cea da noite anterior. Todo regado con bo viño da terra, cervexa e demais bebidas para todos os padais. E non podemos esquecer os famosos queixos de Emilio.

Por suposto, castañas e chocolate non puideron faltar para quentarse do mal tempo exterior.

En definitiva, un bo día para vérmonos todos e para “facer clube”.

Coma sempre, moitas grazas a tódolos compañeiros/as do clube que dedicaron ou seu tempo a facer posible que a xuntanza saíse tan ben. Andrés L



ESPELEOXÍA

23º Campamento infantil xuvenil de espeleoloxía 17-18 de Novembro

23º CAMPAMENTO INFANTIL XUVENIL DE ESPELEOXÍA. 17-18 nov 2018

A fin de semana do 17 e 18 de novembro celebramos, un ano máis, o campamento infantil do club. Ao final, o lugar escollido foi Cobas, onde nos desprazamos 13 participantes, entre nenos e adultos.

O sábado foi día de cova horizontal, con trepes, destrepes, arrastradas...onde os mais pequenos nos deixan atrás enseguida. Moitas risas e diversión, neste ambiente escuro do mundo soterrado.

O domingo non fixemos máis que subir e baixar, subir e baixar, corda para arriba, corda para abaixo, pasando fraccionamentos e incluso nos na corda. Hai que ver que mañá teñen algúns!

Unha fin de semana moi agradable e divertida, onde algúns xa preguntaban se a fin de semana seguinte ía a haber máis... Carol



LI Campamento Galego de Espeleoloxía 1-4 de Novembro

O LI Campamento Galego de Espeleoloxía, actividade da FGE, organizámolo na localidade de Ramales de la Victoria (Cantabria), contando coa colaboración do concello de Ramales de la Victoria. Contouse coa participación de 33 espeleólogos

galegos, pertencentes a 8 clubs diferentes da FGE.

As datas escollidas foron do 1 ao 4 de novembro do 2018 e o Campamento Base estableceuse no Pavillón Municipal de Ramales, do que dispuxemos para poder pernoctar e asearnos. O propio aparcadoiro do Pavillón puido empregarse para durmir nas autocaravanas e furgonetas.

Enviouse aos participantes un dossier informativo no que se incluíu a información de 26 cavidades da zona, así como outra información sobre actividades complementarias (3 vías ferratas, lugares de interese e tamén información sobre sendeirismo).

O mércores día 31 de outubro desprazáronse ata o lugar de celebración do campamento, unha parte da organización, deixando preparado ese día pola tarde e á mañá seguinte o lugar de recepción dos participantes, a sinalización do evento e outros aspectos necesarios para o desenvolvemento do campamento.

Durante os días do campamento, a xente foi facer espéleo en diversas cavidades (Coventosa, Torca del Mostajo, Ojancano-Anjana, Tonio-Cañuela, Cueva de Fresca, Cueva de Reñada, Cueva Mur, Txomin, Narizón-Palomas e outras) así como facer diversas vías ferratas cando a meteo o permitiu.

O xoves día 1 pola noite levouse a cabo unha charla/proxección por parte de Ángel García (Gelo) do AER (Agrupación Espeleolóxica Ramaliega) sobre as exploracións no Sistema do Mortillano.

Actualmente é o maior sistema kárstico de España, cunha lonxitude de 144km.

Ao día seguinte, despois da actividade espeleolóxica dos diferentes grupos, tivemos outra interesante charla impartida por Inma Pumariño (do GES Irmandiños), sobre primeiros auxilios, vendaxes funcionais, botiquín, RCP e outros temas que nunca está de máis actualizar neste mundo soterrado no que nos desenvolvemos.

O sábado día 3 tamén foi día de espéleo e á noite celebramos unha cea de confraternización nun restaurante do pobo (*La Sobana*), onde puidemos desfrutar dunha rica cea e un sorteo de material entre os asistentes. Carol



ACTIVIDADES DE SOCIOS

Cerdeña, aventuras con sabor a sal Alicia e Diego

Cerdeña, a gran descoñecida. Unha viaxe que comeza cun barco e un coche cheo de cordas, arneses, equipos de mergullo e un sinfín de aventuras por vivir e xente por coñecer. Un lugar moi recomendable polos sua natureza, polas actividades (barranquismo, espeleoloxía, espeleo mergullo, escalada, senderismo...), e pola sua gastronomía.

Alghero : Alghero, primeira parada. Está situada no noroeste da illa con una chea de cavidades a disfrutar por espeleomergulladores (deportivos como técnicos), e outras aberta ao turista sen formación en espeleoloxía. **Grotta di Nereo e de Cabirol** son grandes atractivos para espeleomergulladores, tanto polos seus contraluces como pola sua fauna.

As suas xentes son moi amables e para aqueles que só queren facer turismo tranquilo tamén hai opción de ver a **Grotta de Neptuno**, de interese turístico e cun acceso mediante escaleiras feitas no acantilado de gran beleza.

Dorgali: Outra zona interesante e de parada obligatoria para calquer senderista ou espeleólogo, é Cala Gnonone, no noreste da illa. Aquí encóntanse as que se coñecen como as mellores covas da illa. A **Grotta del Bue Marino**, chamada así polo seu nome en orixe "Boe Marinu" que era como se coñecía a foca monxe que poblaba a cova para descanso e cría e que a día de hoxe se considera extinta na zona. Formacións increíbles, coladas de gran envergadura, gours, etc... sinxela e espectacular!

Esta cova require de solicitude de permiso para entrar na rama espeleolóxica, non se precisa corda e sí é necesario neopreno porque ten tramos acuáticos longos. O acceso á mesma tense que facer mediante embarcación. A segunda xoia da illa, é **Su Palu**, pero actualmente está pechada a causa dun acto vandálico cometido na súa entrada.



Pola zona, outra cova digna de mención é **Voragine de tiscali**. Esta cavidade ten a súa entrada natural por un burato que cae 90 metros ata una ponte de pedra, e polo cal nas horas centrais do día penetra un raio de luz que se proxecta no seu interior e que da lugar a unha imaxe única. E como ventaxa para os non apaixonados das alturas, e que por mor de dar acceso aos arqueólogos que ían investigar restos atopados na cova se fixo accesible para todo o mundo por un pequeno túnel. Presenta formacións en forma de serra, de golpes de auga e excéntricas entre outras formas.

Esta cova pódese combinar cunha caminata ata o parque arqueolóxico onde ademais dunhas fermosas vistas poderás atopar fauna como as Martas, difíciles de divisar noutras zonas. Burros, porcós e vacas son compañeríos que atoparás nas diferentes andainas.

dainas.

Unha andaina interesante para facer é a Gorxa do Gorropu. A cadea montañosa do Supramonte esconde una grieta aberta que foise desgastando gracias a erosión do río Flumineddu ata crear un cañón de 500 metros de altura.

E como na illa pódese facer moitas actividades, tamén temos oco para os amantes do descenso de cañons, porque pese a que agosto é unha época seca, sempre existen opcións. Dous barrancos recomendables son, primer lugar, a **Grotta de Donini**, famosa por ser un barranco que transcorre polo interior dunha cova e cunha saída nun rápel de 50 metros que fará do final do barranco una experiencia inolvidable. Outro interesante, é o **río Pitriscioni**, que reúne toda a auga que parece desaparecer noutras zonas da illa. Sinxelo, e apto para todo aquel que quere disfrutar de pozas amplias con auga sen complicacions.

E para completar, Cerdeña supón un paraíso para calquer amante da escalada.

Como datos de interese, cabe destacar que todas as covas están identificadas con códigos na mesma cova e que na rede teñen un visor web con datos de ubicación e topografías de todas as covas.

Non queremos rematar esta crónica sen agradecer a colaboración a:

Espeleólogos sardos coma Giampeiro Mulas (Grup Espeleologic Algherès), que aconsellou cavidades e lugares e nos regalou o libro de "40 anni sottoterra" coa historia das investigacións espeleolóxicas do 1976-2016 e o vídeo do mesmo libro.

A Víctor Ferrer, polas suas recomendacións e contactos.

A Antonio Barone e o centro de mergullo North West Diving, polo espeleomergullo e guiado.



FEDERACIONES

LICENCIAS

Xa pode tramitarse a licenzia deportiva para o ano 2019. Ten validez por ano Natural do 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

LICENZIA FEDERATIVA FEDERACION GALEGA DE MONTANISMO PREZOS E COBERTURAS							
2019 SEGUROS MAPFRE							
MODALIDADE	A	B	C	D	E	OT	
AMBITO TERRITORIAL	ESPAÑA, PORTUGAL, PININEO FRANCÉS, ANDORRA E MARROCOS	ESPAÑA, PORTUGAL, PININEO FRANCÉS, ANDORRA E MARROCOS	B MÁS EUROPA	MUNDIAL (EXCEPCIONES POLARES E MONTAÑAS DE MÁIS DE 7.000 M.)	MUNDIAL (PARA EXPEDICIONES POLARES E MONTAÑAS DE MÁIS DE 7.000 M.)	IDEM A B (SOLO OUTUBRO, NOVENBRE E DECEMBRO) (1)	GALICIA
DISCIPLINAS ADEQUIRIDAS	Escalada (Indo), Concoñementos, Montaña e Grande (Sancti Spiritus) e Montaña (Montaña)	Escalada (Indo), Concoñementos, Montaña e Grande (Sancti Spiritus) e Montaña (Montaña)	Idem ao do B	Idem ao do D	Idem ao do E	Idem ao do B	Idem ao do B (só en Galicia)
Infantís (de 0 a 13 anos) (2)	19 €	20 €	28 €	34 €	x	x	10 €
Xuvenil (de 14 a 17 anos) (2)	40 €	44 €	51 €	61 €	x	24 €	24 €
Maiores (maiores 18 anos) (2)	67 €	71 €	114 €	140 €	148 €	50 €	49 €

SUPLIMENTOS: BTT (+23,30 €), ESQUI ALPINO (+34,00 €), ESQUI DE FONDO NORDICO (+7,00 €) E SNOWBOARD (+45,00 €)
 (1) As licenzas OT son Licenzas tipo B, só para os meses de outubro, novembro e decembro para persoas que federanse por primeira vez.
 (2) Categoría infantil: ata 13 anos de cumpridos no 2019. Categoría xuvenil: de 14 a 17 anos e cumpridos no 2019. Categoría maiores: de 18 a 84 anos e cumpridos en 2019.
 SEGURO DIARIO 1: 4 € SEGURO DIARIO 2: 6 €

PREZOS LICENZAS FEDERATIVAS	
Licenzia Infantil (Ata os 13 anos)	20 €
Licenzia Senior Deportiva	40 €
Licenzia Senior Competitiva	50 €
Licenzia Técnico	50 €

Federación Galega de Espeleología							
LICENZAS 2019							
Prezo aprobado na Asemblea Xeral do FGE de 15 de decembro de 2018. Resolución prezo, Válido ata o 31 de decembro de 2019.							
PREZOS LICENZAS FEDERATIVAS							
MODALIDADE	Afiliado a un club		INDIVIDUAL		Afiliado club Sen Cobertura		
	BÁSICA	PLUS	BÁSICA	PLUS	BÁSICA	PLUS	
A - España, Pirineo francés e Andorra	Maior	45,44 €	79,36 €	75,44 €	109,36 €	21,50 €	
	Xuvenil	25,47 €	60,33 €	55,47 €	90,33 €	11,50 €	
	Infantil	22,47 €	57,33 €	52,47 €	87,33 €	8,50 €	
B - Europa e Marrocos	Maior	58,41 €	86,34 €	88,41 €	116,34 €		
	Xuvenil	34,44 €	63,37 €	64,44 €	93,37 €		
	Infantil	31,44 €	60,37 €	61,44 €	90,37 €		
B1 - Mundial	Maior	76,36 €	126,24 €	106,36 €	156,24 €		
	Xuvenil	61,38 €	113,72 €	91,38 €	143,72 €		
	Infantil	58,38 €	110,72 €	88,38 €	140,72 €		
Temporal 1 Día Descubrimiento alta en cavidades clase 2 categoría clase 1V-1A	Maior	4,13 €					
	Xuvenil	4,13 €					
	Infantil	4,13 €					
Temporal 3 DIAS Descubrimiento alta en cavidades clase 2 categoría clase 1V-1A	Maior	20,43 €					
	Xuvenil	20,43 €					
	Infantil	20,43 €					
OUTONAL 50 para os meses de outubro (do 01/09 a 31/12)	Maior	43,05 €					
	Xuvenil	43,05 €					
	Infantil	43,05 €					

ELECCIONES

Rematado o proceso electoral na Federación Galega de Montañismo e na Federación Galega de Actividades Subacuáticas, foron proclamados os seguintes presidentes:

Federación Galega de Montañismo:
Adolfo Puch Domínguez

Federación Galega de Actividades Subacuáticas:
Francisco Javier Núñez Barreras

As nosas felicitacións a ambos presidentes!!

DÍA DAS MONTAÑAS 11 de Decembro

Case mil millóns de persoas viven en zonas montañosas, e máis da metade da poboación do planeta depende das montañas para abastecerse de auga, alimentos e enerxías renovables. Sen embargo, as montañas están ameazadas polo cambio climático, a degradación dos chans e a sobre explotación e desastres naturais, con consecuencias potencialmente devastadoras e de longo alcance, tanto para as comunidades de montaña como para o resto do mundo.

As montañas son os primeiros indicadores do cambio climático e, a medida que o globo terráqueo se quenta, os habitantes das alturas —entre os máis pobres do mundo— se afrontan a máis dificultades para sobrevivir. O aumento das temperaturas tamén significa que os glaciares de montaña se derretan a niveis sen precedentes, afectando as subministracións de auga doce de millóns de persoas. As xentes das montañas acumularon, sen embargo, unha grande cantidade de coñecementos e estratexias ao longo de xeracións para adaptarse á variabilidade climática.

VINDEIRAS ACTIVIDADES

Bici de Montaña

Percorrido: Termas de Prexigueiro -Leiro - Termas de Prexigueiro (circular).

Distancia: 35 km.

Dificultade: Baixa, imos paralelos ó río Avia.

Saída de Vigo ás 8.30 dende o Sanatorio Concheiro.

Inicio da ruta en Prexigueiro ás 10.

Levar avituallamento para comer en ruta. Ó final da mesma poderemos recuperar do esforzo nas Termas e incluso visitar o Papuxa en Rivadavia.

Asemblea anual da Sección de Espéleo

12 de xaneiro ás 20h terá lugar a Asemblea anual da Sección de Espéleo, onde se comentarán as actividades realizadas no presente ano e as propostas para o 2019, e a continuación, sobre ás 21:30h, compartiremos as viandas aportadas...

Cea anual

O 16 de febreiro xuntarémonos un ano máis para pasar unha agradable xornada, entregar e recibir as medallas a socias e socios que cumpren 25 e 50 anos no club, comer, bailar,

Esquí Alpino en San Isidro

O 23 e 24 de febreiro (a data pode sufrir variacións en función da existencia de neve) terá lugar a saída anual a San Isidro

Xornadas de enceramento de esquí e iniciación ao esquí

DATA: 26 de xaneiro (A data pode sufrir variacións en función da existencia de neve)

LUGAR: Local social de Montañeiros Celtas


HORA: 10:00 a 14:00h.

Quedamos no local social, en Camelias 78 oficina K, ás 10h para desenvolver a xornada anual de encerado e mantemento de esquí, preparando o material de esquí de travesía deixándoo listo para a xornada práctica en neve. Tocaremos os seguintes puntos:

- Limpeza de esquí
- Encerado e reparación de raiduras nos esquí
- Revisión de fixacións
- Comprobar flexibilidade das táboas e revisar os cantos
- Revisar as peles de foca
- Revisar os bastóns
- reparto do material existente entre os participantes na actividade de neve.

Proxección fotos do Nepal

O 15 de febreiro no clube temos cita para compartir cos nosos compañeiros as magníficas fotos da súa aventura polo Nepal.





Edita: Club Montañeiros Celtas
Edición: Mónica Vila

Colaboran neste número: Lourdes C., Melu, Elvira A., Emilio B., Federico R., Carolina R., Juanjo V., Diego M., Alicia S., Marisa N., Mario G., Andrés L., Maxi R.



Imprime: Garpe / DP: vg-40-1998 Impreso en papel reciclado

X A N E I R O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	1	Primeira actividade montañeira do ano Galiñeiro	Montaña-sendeiro
	12	Reunión anual e cea Sección Espéleo	Espéleo
	20	Actividade Bici: Leiro-Presegueiro	Bici
	26	Xornadas enceramento e mantemento esquís. L. Social	Esquí
	27	Roteiro. A determinar	Montaña-Sendeiro
	27	Iniciación Esquí de Travesía. Manzaneda	Esquí

F E B R E I R O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	2-3	Xornada Esqui de Montaña El Cornón-Las Peñas	Esqui
	8	Curso de Mergullo – B1E (Iniciación)	Mergullo
	9-10	Travesía invernal montaña	Montaña
		Actividade infantil na neve	Infantil
	10	Saída bici: Costa da Vela	Bici
	15	Proxección fotos Nepal2018	Social
	16	Cea anual	Social
	16	Inmersión na Ría de Vigo (Tódolos Niveis)	Mergullo
	16-17	Esquí de Montaña Ubiña-Colines	Esquí
	23-24	Xornada de esquí alpino en San Isidro	Esquí
	24	Sendeiro a determinar	Montaña-Sendeiro

M A R Z O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	1	Entroido	Social
	2-3	Xornadas de Técnica Vertical	Espéleo
	3	Inmersión a determinar	Mergullo
	10	Saída bici: a determinar	Bici
	17-18	Actividade Montaña invernal en Ubiña	Montaña
	17	Pequemarcha. Galiñeiro	Cultura M. Ambiente
	16-17	Actividade Infantil-Xuvenil Espeleoloxía	Espéleo
	18	Sendeiro a determinar	Montaña-Sendeiro
	24-25	Actividade montaña O Caurel	Montaña
	31	Roteiro a determinar	Montaña- Sendeiro

**Publicorreo
Óptimo**

Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo
Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneiroscltas
www.celtas.gal / info@celtas.net